

O ensino en galego O galego no ensino

CONCLUSIÓNS XORNADAS

1- En maio deste ano, cúmprese dez anos da publicación do decreto do Plurilingüismo do PP. Nunca unha norma contra o noso idioma contou con tanta oposición, tal como certifican as numerosas e multitudinarias mobilizacións e o rexeitamento da inmensa maioría da comunidade escolar. O balance destes 10 anos non pode ser máis negro: menos ensino en galego nas aulas, menor competencia lingüística e menor uso polo alumnado e profesorado, prohibición de impartir as materias científico-técnicas no noso idioma e exclusión do galego da Educación Infantil. En definitiva, dez anos de belixerancia e retroceso na utilización do uso do noso idioma. Por iso, máis unha vez, reclamamos a súa inmediata derogación e a posta en marcha dun modelo de normalización lingüística plena no ensino. XORNADAS de debate e reflexión sobre a lingua no ensino

2-A observación consciente da nosa realidade sociolingüística (referendada por todos os estudos e datos publicados durante os últimos anos) constata unha ruptura xeracional cada vez máis agudizada co idioma; verifica a perda acelerada de galego-falantes, que hoxe son xa minoría na sociedade galega e confirma o decrecemento considerábel das persoas que usan unicamente o galego. Neste contexto incerto para o futuro do noso idioma, imponse un cambio de rumbo radical na política lingüística da Xunta de Galicia que garanta e facilite a utilización do galego en toda situación, lugar e circunstancia. É necesaria unha política lingüística que promova e potencie o uso da lingua galega e estableza normas prescritivas para que non sexa nin excluída nin perseguida como lingua propia de Galiza.

3-A “Pax lingüística” promovida polo goberno Feixoo pretende acalar todo tipo de reivindicación ou rebelión ante os permanentes atropelos que sofren as persoas usuarias do noso idioma. A situación de diglosia de

Galiza e o proceso de imposición e substitución da lingua allea e dominante - o español- pola propia e dominada - o galego - sempre será conflitiva se procuramos mudar a situación e restaurar para ao noso idioma todos os dereitos e usos que lle corresponden ás linguas normalizadas. O noso compromiso coa lingua é necesario e imprescindible. Por iso, temos que ser perseverantes e firmes en exercer os xa cativos dereitos que temos e denunciar toda discriminación e marxinación á lingua. Sempre que aflore o conflito lingüístico evidenciárase a persecución ao noso idioma e a carencia de dereitos que lle asiste como lingua propia de Galiza. Só así, intentando exercer como galegos e galegas a tempo completo, estamos na certeza dun futuro galego e en galego.

4- Constatouse, de novo, que todas as linguas minorizadas do estado continúan a ter dificultades para alcanzar a plena normalización. Con todo, os camiños percorridos, a vontade normalizadora e os compromisos dos seus gobernos coa lingua contrapóñense co desprezo do goberno galego co idioma de seu. Cada pobo ten a súa historia, a súa composición social e o seu grao de conciencia nacional que inflúen na situación e porvir da súa lingua. Mais, confirmouse como determinante no avance normalizador do euskera e catalán o compromiso dos seus respectivos gobernos, ao ter asumido a súa identidade nacional, cultural e lingüística que contrasta coa práctica asimiladora e españolizadora da Xunta de Galiza. As diferenzas que hoxe comprobamos na vitalidade da aprendizaxe e uso das linguas entre os máis novos e novas, nacen directamente das diferenzas nas políticas seguidas en prol dos idiomas propias e nos compromisos para acadar o obxectivo da normalización dos diferentes gobernos.

5-As entidades organizadoras destas xornadas procurarán acadar un compromiso firme e o máis amplo posíbel para esixir un modelo que nos leve á normalización lingüística plena da nosa lingua. Para iso facemos un chamamento ao profesorado galego a superar os límites e prohibicións do actual decreto, e a converter a nosa lingua na lingua da docencia e dos centros educativos, dentro e fóra das aulas. Recoñecemos o difícil que é perseverar na defensa activa da lingua, mais tamén sabemos que foi xustamente esta actitude comprometida do profesorado o que permitiu

desde sempre suplir a falta de vontade política e superar a cativa lexislación que soportar o noso idioma.

6-De acordo co anterior e partindo da situación actual de emerxencia lingüística, consideramos que o noso obxectivo esencial e imprescindible neste momento é que o galego sexa a lingua vehicular única de todo o ensino e, por tanto, que se empregue na docencia de todas as materias e niveis educativos ao tempo que se realiza a galeguización dos currículos.Hoxe , non hai outra alternativa posíbel para restituír o uso da nosa lingua e garantir, non só a súa supervivencia, senón tamén o seu coñecemento e o seu uso por parte das xeracións máis novas.



— I XORNADAS de debate e reflexión sobre a lingua no ensino —

O ensino en galego O galego no ensino